



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B MGB	Documento 10518I19AW	
Código de verificación  311O 3W6K 666K 2E4P 05TB	Expediente 105/2024/8193	
	Fecha 19-11-2024	

Asunto CONVOCATORIA de AXUDAS para o transporte en Taxi de persoas con unha discapacidade que afecte gravemente a súa mobilidade e lles impida utilizar os transportes públicos colectivos (BONO-TAXI) durante o ano 2025.- BASES reguladoras (BBRR) da CONVOCATORIA de AXUDAS de BONO-TAXI durante o ano 2025.-	BBRR Versión en GALEGO
--	---------------------------

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCURRENCIA NON COMPETITIVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (BONO-TAXI) DO CONCELLO DA CORUÑA DURANTE O ANO 2025.-

BASES REGULADORAS da CONVOCATORIA de AXUDAS de BONO-TAXI durante o ano 2025

I.- OBXECTO, FINALIDADE E RÉXIME XURÍDICO

Base 1. Obxecto desta convocatoria de axudas (subvencións)

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia e, en aplicación do artigo 17 e 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, as normas de carácter regulamentario que a desenvolven, así como Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, publicada a súa aprobación definitiva no BOP de A Coruña nº 157 o 16 de agosto de 2024, o obxecto desta convocatoria de subvencións son as axudas dirixidas a persoas cunha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade e impídalles utilizar os transportes públicos colectivos (tamén denominadas, bono-taxi) durante o ano 2025.

De acordo co establecido polo artigo 8.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, estas axudas (subvencións) de bono-taxi intégranse dentro do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello da Coruña e do seu Plan Operativo que pode consultarse no seguinte enderezo electrónico:

<https://www.coruna.gal/transparencia/gl/claridade-na-xestion/subvencions-e-axudas?argIdioma=g>

Base 2. Finalidade e obxectivo da convocatoria de axudas (subvencións)

2.1. A finalidade desta convocatoria específica de subvencións é conceder axudas para apoiar ás persoas cunha discapacidade recoñecida, mediante resolución (ou documento equivalente), polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente, que afecte gravemente á súa mobilidade e impídalle empregar os transportes públicos colectivos, co obxectivo de proporcionarlles apoio mediante a utilización dun



servizo alternativo de taxi para os seus desprazamentos, para que poidan desenvolver unha vida independente e, en consecuencia, disfrutar dos mesmos dereitos nas mesmas condicións que os demais cidadáns.

2.2. De acordo co artigo 2.g) do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, esta convocatoria de subvencións, configúrase como unha medida municipal de acción positiva consistente en compensar as desvantaxes derivadas da discapacidade e destinadas a acelerar ou lograr a igualdade de feito das persoas con discapacidade residentes na nosa cidade, así como facilitar a súa participación plena nos ámbitos da vida política, económica, social, educativa, laboral e cultural, atendendo ás súas dificultades de mobilidade no ámbito do transporte urbano, promovendo a súa vida independente, a súa normalización e inclusión social.

Trátase dunha medida de acción positiva no marco da política municipal de protección á familia, respecto das familias nas que algunha das súas persoas membros sexa unha persoa con discapacidade segundo o previsto no artigo 67 do indicado Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Por outra banda, de acordo co previsto polo artigo 68.2 do Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, mediante esta convocatoria específica de subvencións garántese a promoción da efectividade do dereito á igualdade de oportunidades das persoas con discapacidade residentes no termo municipal da Coruña.

Base 3. Réxime de concesión e normativa aplicábel

3.1 A concesión destas axudas efectuarase en réxime de concorrència non competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, establecidos no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Este réxime de concorrència non competitiva supón que non será necesaria a comparación entre as solicitudes, nin prelación entre as mesmas, nin a fixación de criterios obxectivos de outorgamento da subvención, a súa ponderación, bastando a mera comprobación do cumprimento dos requisitos polas persoas solicitantes.

De acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o artigo 21.3, apartado c) da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, segundo o indicado na Base 2 destas bases reguladoras, porque nestes supostos non é necesaria a comparación de proxectos ou actividades subvencionables entre si, polo interese especial en promover actuacións que fomenten a mobilidade das persoas cunha discapacidade recoñecida, destinatarias da presente convocatoria de axudas, cumprindo os requisitos especificados nas presentes bases.

3.2. Así mesmo esta convocatoria específica de concesión de subvencións rexeráse polas presentes Bases reguladoras, pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, cuxo texto integro foi publicado no BOP da Coruña nº 157 de data 16/08/2024; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións [en diante, LXS]; pola Lei 9/2007,



Concello da Coruña

do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia [en diante, LSGal]; polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións [en diante, RGLS]; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas [en diante, LPAC]; a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno; a Instrución de Transparencia do Concello da Coruña, aprobada pola Alcaldía ou día 9 de marzo de 2006, e as demais normas que lle resulten de aplicación.

3.3. Co fin de promover, no ámbito local, a igualdade na diversidade e a eliminación de toda discriminación e desigualdade que incida sobre as mulleres e persoas en xeral, por motivo das diversidades existentes, resúltalle de aplicación a esta convocatoria de axudas a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e a Ordenanza do Concello da Coruña para a Igualdade na Diversidade (texto íntegro publicado no BOP da Coruña nº 204 de data 25/10/2019).

3.4. Esta convocatoria específica de subvencións estará dispoñible nas seguintes direccións electrónicas:

- Na sede electrónica do Concello de A Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl?argIdioma=gl>
- Na páxina WEB municipal da Área de Benestar Social (en diante, páxina WEB municipal): <https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argIdioma=gl>
- No Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña (en diante, Taboleiro de anuncios e edictos municipal): <https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Na páxina WEB do Boletín Oficial da provincia de A Coruña: <http://bop.dicoruna.es/bopportal/>
- Na Base de Datos Nacional de Subvencións: <http://www.infosubvenciones.es>

II.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Base 4. Crédito orzamentario

4.1. O crédito total destinado a esta convocatoria é de cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 euros), que se imputarán á aplicación orzamentaria 51.231.480.06 do orzamento municipal, cuxa rúbrica é "*Bono taxi axudas a persoas con discapacidade para o transporte en taxi*", nas anualidades do exercicio orzamentario 2025 e 2026, do seguinte xeito:

- Exercicio orzamentario 2025 (período dende 01/01/2025 ao 31/11/2025): 84.500,00 euros.
- Exercicio orzamentario 2026 (período dende o 01/12/2025 ao 31/12/2025): 40.500,00 euros.

4.2. Esta convocatoria apróbase mediante tramitación anticipada no exercicio orzamentario anterior a aquel no que vaia a ter lugar a resolución desta, dado que a execución do gasto realícese na mesma anualidade en que se produce a concesión, no ano 2025, de acordo co establecido nas Bases de execución do Orzamento Municipal e na normativa aplicable para ese efecto.

4.3. En consecuencia, a contía total máxima que figura nesta convocatoria ten carácter estimado, e por tanto, a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de



crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión, de conformidade co disposto no artigo 56.2 do RGLS e nas Bases de execución do Orzamento municipal.

Os efectos de todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto desta convocatoria entenderanse condicionados a que ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos devanditos actos.

4.4. Se este crédito incrementáse, como consecuencia dunha modificación orzamentaria ou pola existencia de maior crédito na aplicación orzamentaria correspondente, o órgano xestor poderá decidir a súa aplicación ou non á convocatoria, previa tramitación do correspondente expediente de gasto antes da resolución da convocatoria, sen necesidade de realizar unha nova convocatoria, segundo o previsto no artigo 58.2 RXLS.

Base 5. Prorrateo e límite máximo do importe da subvención individual

5.1. De acordo co establecido no artigo 22.1 da LXS e o artigo 19.3 da LSGal, o órgano competente procederá ao prorrateo, entre as persoas beneficiarias, do importe global máximo destinado a estas subvencións. En consecuencia, o crédito total da convocatoria dividirase a partes iguais entre todas as persoas solicitantes que reúnan os requisitos establecidos na convocatoria.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 19.2 da LSGal, nesta convocatoria oponse excepción o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, tendo en conta o obxecto e finalidade desta subvención, ao non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

5.2. Nesta convocatoria de axudas de bono-taxi, non poderán outorgarse subvencións por contía superior ao importe de 1.000,00 euros, a cada unha das persoas beneficiarias, computados de forma individual por cada persoa e solicitude, de acordo co establecido no artigo 22.3 da LXS.

Base 6. Compatibilidade

6.1. De acordo co previsto no artigo 22.2 do LXS, esta subvención é compatible coutras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe concedido da subvención municipal poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coutros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade subvencionada ou proxecto xustificando pola persoa beneficiaria.

6.2. De acordo co previsto no artigo 22.4 do LXS, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nestas bases reguladoras poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

III.- REQUISITOS DAS PERSONAS BENEFICIARIAS

Base 7. Requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria

7.1. De acordo co establecido no artigo 11.1 da LXS, terá a consideración de persoa beneficiaria destas subvencións a persoa que haxa de realizar a actividade que



Concello da Coruña

fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitima a súa concesión.

7.2. Poderán ser persoas beneficiarias aquelas persoas con discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente, que afecte gravemente á súa mobilidade e lles impida empregar os transportes públicos colectivos. Esta condición debe quedar acreditada no documento administrativo que certifique a discapacidade.

7.3. Sen prexuízo da obrigación das persoas beneficiarias de cumprir os requisitos esixidos con anterioridade á data indicada na Base 7.6, no caso de que se acredite que con anterioridade á data de publicación das bases reguladoras da convocatoria de Bono Taxi de 2025 a solicitude de certificados de discapacidade que se pronuncien sobre a mobilidade e uso do transporte público colectivo, teranse en conta sempre que se presente antes da aprobación da listaxe provisional.

7.4. As persoas beneficiarias, ademais dos requisitos previstos con carácter xeral no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (LXS), deberán cumprir os seguintes requisitos adicionais:

- a) Ser maior de 3 anos.
- b) Residir no Concello da Coruña e constar como empadroadado.
- c) Ter recoñecida legalmente a condición de persoa con discapacidade mediante resolución (ou documento equivalente) do organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente en que conste que a discapacidade afecta gravemente á súa mobilidade e impídelle utilizar os transportes públicos colectivos.
- d) No caso de que a persoa solicitante atópese en activo, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo. Nin tampouco ter dereito a este servizo a través de Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS), Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado (MUFACE), Mutualidade Xeral Xudicial (MUGEJU) ou outras entidades similares.
- e) Non constar como titular dun vehículo, segundo os datos rexistrados no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.
- f) Non dispoñer dunha capacidade económica, calculada conforme ao establecido nestas bases, superior ao 210% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) determinado pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2025, ou outra norma legal que o determine e vixente no ano 2025, tendo en conta o previsto na Base 28 das presentes bases reguladoras.
- g) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), das obrigas fronte á Seguridade Social e das obrigas tributarias co Concello da Coruña.

7.5. De acordo co previsto no artigo 22.4 do RXLS, a presentación da solicitude de subvención supón a autorización da persoa solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación das circunstancias do cumprimento de obrigacións tributarias e de obrigacións coa Seguridade Social a través de certificados telemáticos, nese caso o solicitante non deberá achegar a correspondente certificación.

En consecuencia, o Concello da Coruña verificará, cando a persoa solicitante fágao constar expresamente na súa solicitude de subvención, que esta se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria da Administración do Estado (AEAT), das súas obrigacións coa Seguridade Social e das súas obrigacións tributarias co propio Concello da Coruña, cando consinta expresamente dita verificación.

Con todo, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento e opoñerse a esta verificación, debendo achegar e presentar entón as certificacións indicadas.



7.6. Os requisitos esixidos indicados previamente deberán de cumprirse polas persoas solicitantes propostas como beneficiarias, con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

7.7. Segundo o disposto no artigo 42 da Ordenanza Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade, quedarán excluídas:

- a) As persoas físicas que foran sancionadas en firme na vía administrativa, laboral ou penal por vulneración do dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo.
- b) As persoas físicas cuxos fins ou obxectivos, sistema de admisión ou acceso, funcionamento, traxectoria, actuación, organización ou estatutos sexan contrarios ao principio de igualdade entre mulleres e homes na diversidade.
- c) As persoas físicas que incumpran as obrigas establecidas na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

7.8. Composición da unidade de convivencia.

Considéranse persoas membros computables da unidade de convivencia os seguintes:

- a) A/o cónxuxe ou parella de feito.
- b) As fillas e fillos menores de 18 anos, ou maiores de esa idade incapacitados xudicialmente conforme á lexislación anterior á Lei 8/2021, de 2 de xuño, pola que se reforma a lexislación civil e procesual para o apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, ou respecto dos que se establecesen xudicialmente medidas de apoio atribuídas aos seus proxenitores despois da entrada en vigor desta lei, que convivan no domicilio.
- c) As persoas menores en situación de acollemento permanente ou preadoptivo.

No caso de persoas solicitantes menores de idade, a unidade de convivencia a considerar será a formada polos seus proxenitores custodios ou titores e as restantes fillas e fillos menores de 18 anos, ou maiores de esa idade incapacitados xudicialmente, que convivan no domicilio.

7.9. Cálculo da capacidade económica da persoa solicitante:

O cálculo da capacidade económica determinarase segundo a renda per cápita da unidade de convivencia, que se obterá do resultado de dividir a suma dos ingresos dos membros computables entre o número de membros da unidade familiar.

A capacidade económica da persoa solicitante obterase da declaración do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2023 (Modelo D-100 do IRPF).

Con carácter xeral sumaranse a base imponible xeral e a base imponible do aforro do exercicio 2023 (recadros 435 e 460 da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio 2023).

No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, consultarase o certificado de imputación de rendas do ano 2023. Para estes efectos sumaranse os ingresos dos rendementos do traballo, do capital mobiliario e as ganancias e perdas patrimoniais suxeitas a retención, ao que se restarán os gastos deducibles do traballo no devandito período.



No caso de que realizada a consulta previamente autorizada, a Axencia Tributaria non facilite os datos económicos das persoas interesadas por existir incidencias pendentes de resolver coa súa declaración, requirirase á persoa interesada para que achegue unha copia da declaración do IRPF do exercicio 2023.

No caso de que a declaración do ano 2023 se presentara na modalidade conxunta e inclúa persoas que segundo o establecido nestas bases reguladoras, non formen parte da unidade de convivencia, computarase unicamente os ingresos declarados no certificado de prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, que non estén exentos de tributación na declaración do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN: INICIACIÓN

Base 8. Réxime e inicio

8.1. De acordo co establecido no artigo 29.2 da LXS iniciárase de oficio mediante a aprobación da correspondente convocatoria, aprobada polo órgano competente, previsto na Base 9.2 destas bases reguladoras, cuxo texto completo deberá publicarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e un extracto da mesma no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

8.2. Os efectos dos actos de trámite ditados neste expediente de gasto entenderanse condicionados a que, ao ditarse o acordo de autorización do compromiso de gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos devanditos actos, de acordo co previsto no artigo 56.4 do RXLS.

Base 9. Órgano instructor e órgano competente para a resolución do procedemento

9.1. Órgano instructor:

De acordo co artigo 25.1 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, os órganos encargados de instruír os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrencia serán os que se indiquen nas respectivas convocatorias.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o servizo de Servizos Sociais, como responsable da instrución do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos así como a presentación da documentación obrigatoria establecida no apartado 10.2 desta convocatoria.

O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións e actividades estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude das cales deba formularse a proposta de resolución. Así mesmo poderá pedir cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención. Os criterios obxectivos para o outorgamento da subvención, e no seu caso a ponderación dos mesmos, así como os criterios para establecer a súa contía, estableceranse na convocatoria.

9.2. Órgano competente:

Os acordos que se adopten son competencia da Xunta de Goberno Local, segundo dispón o artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.



Concello da Coruña

A Xunta de Goberno Local, por acordo de data 04/07/2024 publicado no BOP de A Coruña núm. 129 do 05/07/2024, acordou delegar, de conformidade co previsto no artigo 5.2 do Regulamento Orgánico Municipal, na alcaldesa e nas concelleiras e concelleiros delegadas e delegados, coas facultades de dirección e xestión en xeral dos servizos de cada área respectiva, nos seus ámbitos funcionais e orgánicos, as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local: delegar a convocatoria de axudas e subvencións e a súa resolución de concesión, así como a aprobación de subvencións nominativas previstas no orzamento e do seu convenio nominativo, ata un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €), IVE excluído, así como a autorización e disposición do gasto correspondente, sempre que se realicen con cargo a aplicacións orzamentarias cuxa xestión lles corresponda.

Base 10. Procedemento: Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

10.1. Presentación de solicitudes de subvención de bono-taxi:

A solicitude específica de subvención de bono-taxi, cuxo modelo insérese como anexo das presentes bases reguladoras, utilizarase polas persoas interesadas de forma obrigatoria, e presentarse, de forma telemática, no enderezo electrónico da sede electrónica do Concello da Coruña, cuxo enderezo electrónico se indica a continuación, no prazo de un (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

- Sede electrónica do Concello da Coruña:

<https://sede.coruna.gal/sede/es/tramites-y-servicios-electronicos/guia-de-procedimientos-y-servicios>

Tamén se poderá presentar, de forma presencial, este modelo obrigatorio por parte das persoas interesadas nas oficinas de asistencia en materia de rexistro do Rexistro Xeral de Entrada do Concello da Coruña que se pode consultar no seguinte enderezo electrónico, ou por calquera dos medios regulados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello da Coruña:

<https://www.coruna.gal/web/gl/comunicate/puntos-de-rexistro?argIdioma=gl>

O prazo establecido, de un (1) mes, cumpre co establecido no artigo 23 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, que establece que o prazo para presentar a solicitude establecerase na convocatoria, non podendo ser inferior a cinco días hábiles.

10.2. Documentación obrigatoria da solicitude de subvención de bono-taxi:

A persoa interesada deberá de presentar a solicitude específica no modelo obrigatorio, debidamente cumprimentada e asinada, con indicación do nome e apelidos da persoa solicitante ou de quen exerza a representación. Neste caso, será obrigatorio acreditar a súa representación conforme ao establecido no artigo 5.3 da Lei 39/2015 de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Para ese efecto, deberá utilizar o modelo normalizado de solicitude que se atopa dispoñible na sede electrónica municipal e cuxo contido insérese ao final das presentes bases reguladoras.

No caso de que o solicitante sexa menor de idade, deberán aportar o Libro de Familia.



Concello da Coruña

Na solicitude deberase autorizar expresamente ao Concello da Coruña para realizar as comprobacións dos feitos ou situacións cuxa acreditación consta na documentación que se indica a continuación, en relación ca persoa solicitante e do resto de persoas membros da súa unidade de convivencia.

No caso de non autorizar expresamente dita comprobación, as persoas interesadas deberán presentar os correspondentes documentos acreditativos dos seguinte feitos e situacións:

— En relación coa persoa solicitante:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de identificación de estranxeiro da persoa solicitante.
- b) Existencia de resolución ou certificado de discapacidade recoñecida polo organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración competente no que conste que esta afecta gravemente á mobilidade e impide o emprego do transporte público colectivo.
- c) Certificación de estar ao corrente no cumprimento de obrigas coa Seguridade Social, a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e o Concello de A Coruña.
- d) Certificado da Dirección Xeral de Tráfico de non titularidade de vehículos de tracción mecánica (persoas solicitantes maiores de idade).

En relación con todas as persoas membros da unidade de convivencia:

- e) Certificado de empadramento das persoas membros da unidade de convivencia.
- f) Titularidade de prestacións económicas do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) e/o Servizo Público de Emprego (SEPE) / Instituto Nacional de Emprego (INEM) das persoas membros da unidade de convivencia.
- g) Información tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), correspondente ao Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) do exercicio 2023 das persoas membros da unidade de convivencia.

No caso de non autorizarse expresamente a consulta a algún dos apartados contemplados na solicitude específica, as persoas solicitantes deberán presentar a documentación (certificado, declaración, u outro documento acreditativo válido) que acredite o cumprimento do requisito correspondente.

10.3. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención de bono-taxi:

10.3.1. De acordo co artigo 23.3 da LXS, no caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan, cumprimentando a tal efecto unha declaración segundo o modelo normalizado de solicitude.

10.3.2. De acordo co artigo 23.3 da LXS no suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano instrutor poderá requirir á persoa solicitante, ou ao seu representante, a presentación do devandito documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire, con anterioridade a formulación da proposta de resolución.



10.3. De acordo co artigo 24.4 da LXS, a persoa solicitante autoriza ao Concello da Coruña, e, en particular, ao órgano instrutor da área de Benestar Social, a levar a cabo cantas comprobacións considere oportunas ao obxecto de verificar ou solicitar novos datos que puidesen afectar as condicións de concesión ou goce desta subvención, e en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Se do resultado desta comprobación, póñanse de manifesto datos distintos aos manifestados polas persoas solicitantes, que desen lugar á concesión destas subvencións, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir e, no seu caso, reparar o prexuízo causado, con independencia da tramitación, no seu caso, do correspondente procedemento de reintegro, nas condicións previstas no artigo 37 da LXS.

V. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: INSTRUCCIÓN

Base 11. Instrución

11.1. De acordo co artigo 24.1 da LXS, a instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano instrutor que se indica na Base 9 destas bases reguladoras.

11.2. De acordo co artigo 24.2 da LXS, o órgano instrutor realizará, de oficio, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse, tanto a proposta de resolución, provisional e definitiva, como a proposta de resolución do órgano competente.

11.3. De acordo co establecido no artigo 24.3 da LXS, as actividades de instrución comprenderán, entre outras, as que se indican a continuación:

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación do cumprimento dos requisitos establecidos na Base 7 das presentes bases reguladoras.

11.4. De acordo co artigo 23.5 da LXS, se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que, se non o fixese, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Devandito requirimento poderá notificarse polo órgano instrutor ás persoas solicitantes afectadas de forma individual ou colectiva, sendo publicado mediante notificación colectiva, segundo o previsto na Base 13.1 destas bases reguladoras.

11.5. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, o órgano instrutor poderá requirir á persoa solicitante afectada para que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, e comprobación da solicitude presentada.

Base 12. Procedemento abreviado de concesión

12.1. De acordo co artigo 22 da LSGal, tendo en conta o réxime de concorrência non competitiva da presente convocatoria de subvencións, exceptúase do requisito de fixar



unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, dado o obxecto e finalidade da subvención, non resultando necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

12.2. A concesión destas subvencións de bono-taxi tramitarase por un procedemento abreviado no que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente competente directamente polo órgano instrutor, que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, polo que non intervirá en ningún caso o órgano avaliador previsto nos artigos 22.1 e da LXS e o artigo 26.5 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

12.3. De acordo co artigo 24.4 da LXS, unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada e requirida, o órgano instrutor emitirá un informe no que se concrete o resultado da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos por esta convocatoria de subvencións para obter a condición de persoa beneficiaria.

Base 13. Proposta de resolución provisional, trámite de alegacións, proposta de resolución definitiva e resolución definitiva das subvencións

13.1. Proposta de resolución PROVISIONAL do órgano instrutor:

De acordo co artigo 24.4 da LXS, o órgano instrutor, á vista do expediente e do informe previsto na Base 12.3 destas bases reguladoras, formulará a proposta de resolución provisional que, debidamente motivada, notificarase ás persoas interesadas mediante un anuncio público que se publicará no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, no seguinte enderezo electrónico da súa sede electrónica:

<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>

Esta publicación do anuncio terá o carácter de notificación colectiva, para os efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 24.4 da LXS, fornecendo esta os efectos da notificación ás persoas interesadas.

Tamén esta información sobre o contido deste anuncio público estará dispoñible nos medios e lugares de información e difusión que se indican a continuación:

Na páxina WEB municipal, no seguinte enderezo electrónico:

<https://www.coruna.gal/servizossociais/gl>

- No servizo de atención telefónica do teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña (981 184 278, para chamadas efectuadas fóra do termo municipal) e no seguinte enderezo electrónico:

<https://www.coruna.gal/web/gl/comunicate/servizo-010?argIdioma=gl>

— Trámite de presentación de ALEGACIÓNS:

Tras esta publicación (notificación colectiva) concederase ás persoas beneficiarias un prazo de dez (10) días hábiles, a contar a partir do día seguinte hábil a aquel en que teña lugar dita publicación do indicado anuncio, para que presenten alegacións, de acordo co previsto no artigo 27.1 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos e no artigo 24.4 da LXS.



Concello da Coruña

De acordo co artigo 24.4 da LXS, poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polas persoas interesadas.

13.2. Proposta de resolución DEFINITIVA do órgano instrutor:

De acordo co artigo 24.4 da LXS, examinadas as alegacións aducidas no seu caso polas persoas interesadas, o órgano instrutor, á vista do expediente e da documentación presentada na fase de alegacións, formulará a proposta de resolución definitiva, debidamente motivada. Esta deberá expresar a relación de persoas solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, así como indicar as solicitudes que foron inadmitidas a trámite, así como a relación de persoas solicitantes para os que se propón a denegación e non concesión, indicando neste caso a causa ou motivo da mesma.

Tendo en conta o réxime de concorrencia non competitiva desta convocatoria de subvencións, non será necesario especificar a avaliación e puntuación das solicitudes presentadas, nin os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Esta proposta de resolución definitiva notificarase ás persoas interesadas que fosen propostas como beneficiarias, de acordo co previsto no artigo 26 da LXS e nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta notificación colectiva realizarase mediante anuncio público que se publicará no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, na seguinte dirección electrónica da súa sede electrónica:

<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>

Tamén esta información sobre o contido deste anuncio público estará dispoñible nos medios e lugares de información e difusión que se indican na Base 13.1 destas bases reguladoras.

Esta publicación terá o carácter de notificación colectiva, para os efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 24.4 da LXS, tendo esta os efectos da notificación.

- Trámite de presentación da comunicación de ACEPTACIÓN/Renuncia da concesión de axuda proposta:

De acordo co artigo 24.5 da LXS, unha vez publicado o indicado anuncio da proposta de resolución definitiva, establécese un prazo de dez (10) días hábiles para que as persoas propostas como beneficiarias comuniquen ao órgano instrutor a súa aceptación ou renuncia á subvención proposta para a súa concesión. Transcorrido este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención concedida entenderase tacitamente aceptada.

13.3. De acordo co artigo 24.4, in fine, da LXS, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor, no que se fará constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as persoas beneficiarias compren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas.

13.4. De acordo co artigo 24.6 da LXS e o artigo 27.4 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, as propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito



algún a favor das persoas beneficiarias propostas, fronte á Administración, mentres non se notificou a resolución da concesión polo órgano competente.

VI. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN: RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E RECURSOS

Base 14. Órgano competente para a resolución do procedemento de concesión

Segundo o previsto na Base 9.2 destas bases reguladoras, o órgano competente para a resolución do procedemento de concesión será a concelleira delegada responsable da área de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, ou persoa que a substitúa.

Base 15. Resolución de concesión e notificación

15.1. Resolución do procedemento de concesión polo órgano competente:

De acordo co artigo 25.2 da LXS e o artigo 23.1 da LSGal, unha vez aprobada e publicada a proposta de resolución definitiva do órgano instructor, e transcorrido o prazo previsto para a aceptación ou renuncia á axuda proposta, o órgano competente resolverá o procedemento de concesión destas subvencións.

A resolución do órgano competente desta convocatoria de subvencións incluírá, ademais da relación das persoas solicitantes aos que se lles concede a subvención, unha relación ordenada de todas as solicitudes inadmitidas a trámite, así como aquelas que sexan desestimadas e denegadas, con indicación da razón da desestimación e denegación de cada unha delas, en función dos requisitos previstos nas bases de convocatoria. Esta resolución fará constar, no seu caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

De acordo co artigo 25.4 da LXS, o prazo máximo de resolución e notificación da concesión das subvencións é de seis meses, contados a partir da data do acordo de incoación. Devandito prazo interromperase cando se trate da corrección de deficiencias e achega de documentos, de acordo co previsto no art. 21 a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

A concesión de subvención ás persoas beneficiarias non xera dereito algún á percepción por parte destas en futuras convocatorias de axudas similares.

15.2. Notificación da resolución do procedemento de concesión:

De acordo co artigo 26 da LXS, a resolución do procedemento de concesión polo órgano competente destas subvencións de bono-taxi notificarase ás persoas interesadas, de acordo co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, mediante a publicación na sede electrónica municipal na seguinte dirección electrónica:

<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>

Esta notificación colectiva realizarase mediante anuncio público que se publicará no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, na seguinte dirección electrónica da súa sede electrónica:

<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>



Concello da Coruña

Tamén esta información sobre o contido deste anuncio público estará dispoñible nos medios e lugares de información e difusión que se indican na Base 13.1 destas bases reguladoras.

Base 16. Recursos procedentes contra a resolución do procedemento de concesión

16.1. De acordo co artigo 28.4 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, a resolución do procedemento de concesión polo órgano competente poñerá fin á vía administrativa.

VII. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 17. Obrigas das persoas beneficiarias

17.1. De acordo co artigo 14 da LXS e o artigo 14 da Artigo 14 Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, son obrigas das persoas beneficiarias:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade, o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
3. Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá de efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, sen prexuízo de que a persoa interesada autorizase expresamente ao Concello a realizar as consultas dos datos que xa se atopen en poder doutras Administracións ou do propio Concello e que acrediten esta circunstancia.
6. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos por estas bases reguladoras, polas bases da convocatoria ou convenio de subvención, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
8. Adoptar as medidas de difusión que se determinen, facendo constar expresamente e de forma visible en calquera dos medios e materiais que se utilicen para a difusión das actividades subvencionadas que estas se realizan con financiamento do Concello da Coruña ou de calquera dos seus organismos, nos termos que se establezan na respectiva convocatoria, acordo de concesión ou convenio e seguindo as indicacións técnicas dos manuais de imaxe corporativa municipal.
9. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos casos que se establecen na lexislación xeral de subvencións.



17.2. De acordo co artigo 31.4 do RLXS, para os efectos do cumprimento por parte das persoas beneficiarias desta subvención da obrigaón de publicidade prevista no artigo 18.4 da LXS, establécese como medida de difusión que deberán de adoptar para dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento das actividades subvencionables, a obrigatoria utilización dos tickets previstos na Base 20 destas bases reguladoras que inclúen impreso o logo do Concello da Coruña, como administración financiadora.

VIII. XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS E GASTOS SUBVENCIONABLES

Base 18. Xustificación das subvencións concedidas

18.1. De acordo co artigo 30.1 da LXS, a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención documentarase mediante a adecuada utilización dos tickets previstos na Base 20 destas bases reguladoras, por parte das persoas beneficiarias, e pola emisión da correspondente facturación establecida na Base 21 destas bases reguladoras. 18.2. De acordo co artigo 30.7 da LXS, tendo en conta que estas subvencións concédense en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito da devandita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia e a correcta utilización dos tickets previstos na Base 20 destas bases reguladoras e demais condicións previstas na Base 18.1 anterior.

Base 19. Gastos subvencionables

19.1. De acordo co artigo 31.1 da LXS, considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e realícense no prazo establecido pola Base 20.2 destas bases reguladoras. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

19.2. Para os efectos do cumprimento da súa obrigaón de xustificación e do cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención, por parte da persoa beneficiaria, considerarase gasto realizado, o que foi efectivamente utilizado mediante os tickets de bono-taxi previstos na Base 20.1 destas bases reguladoras, polo importe total que corresponda.

IX. PAGO DAS SUBVENCIÓNS

Base 20. Procedemento de entrega dos bonos-taxi

20.1. Para facilitar o pago destas subvencións, utilizaranse uns tickets, denominados "bono-taxis" que serán entregados ás persoas beneficiarias, en soporte papel, polo importe total da axuda concedida. Os bonos-taxi que se entregarán ás persoas beneficiarias serán polos importes de 0,50 €, 1,00 € e 3,00 €, ata alcanzar o importe da axuda concedida.

20.2. Os bonos-taxi poderán utilizarse desde o momento da súa entrega ata o 31 de decembro do ano 2025 (31/12/2025).

18.3. As axudas para transporte en taxi (bono-taxi) son persoais e intransferibles. Para favorecer o control e seguimento das axudas concedidas ás persoas beneficiarias:



- As persoas beneficiarias deberán facer constar a súa sinatura manuscrita ou rúbrica en cada un dos bonos-taxi (tickets) utilizados para o servizo de transporte público (taxi).
- Os bono-taxis (tickets) serán entregados pola persoa beneficiaria da axuda á persoa titular do taxi que realice o correspondente servizo de transporte público (taxi), debendo, ademais, exhibir a persoa beneficiaria usuaria do servizo o seu documento oficial de identificación (DNI, NIE ou similar que acredite a súa identidade).
- En cada un dos bono-taxis (tickets) utilizados e entregados para a realización do servizo de transporte público (taxi), deberá indicarse e constar o número de licenza da persoa titular do taxi que realice o servizo de transporte de cada un deles.

20.4. De acordo co artigo 32.2 da RLXS, a persoa beneficiaria desta axuda de bono-taxi deberá aboar ao prestador do servizo de transporte público (taxi) o importe restante ata a totalidade do importe do prezo do servizo, resultante da diferenza entre o valor do importe dos bonos-taxi utilizados e o importe total facturado do servizo.

Base 21. Procedemento de pago da axuda

21.1. De acordo co artigo 34.3 da LXS, o pago da subvención realizarase previa xustificación da realización da actividade de transporte para o que se concedeu, mediante a utilización dos tickets "bono-taxi" pola persoa beneficiaria, nos termos establecidos nas presentes bases reguladoras.

21.2. A concesión da axuda do bono-taxi con cargo a esta convocatoria de subvencións ás persoas beneficiarias, implica a cesión do dereito de cobranza ás persoas titulares do servizo de taxis ou aos seus representantes, polo que o pago das axudas practicarase efectivamente a estes por delegación. As/os taxistas, persoas físicas ou xurídicas, que exerzan a súa representación, facturarán ao Concello da Coruña o importe dos servizos efectivamente prestados, acompañando os bonos-taxi (tickets) recibidos das persoas beneficiarias.

21.3. O pago delegado ao provedor do servizo de taxi en ningún caso supón a existencia dunha relación contractual entre este e o Concello da Coruña.

Base 22. Comprobación das subvencións concedidas

22.1. De acordo co artigo 32.1 da LXS, o órgano concedente comprobará a apropiada e adecuada utilización dos bonos-taxi mediante os cales se instrumentaliza o pago desta subvención, para a finalidade prevista nesta convocatoria de axudas.

22.2. O Concello da Coruña resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a utilización dos bonos-taxi é correcta segundo as condicións establecidas por esta convocatoria de axudas e adecuada á finalidade prevista na mesma. Por tanto, a persoa beneficiaria quedará obrigada a facilitar tanta información e/o documentación lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e outros órganos competentes en materia de control e censura de contas públicas.

22.3. No caso de que o importe dos bonos-taxi efectivamente utilizados con cargo a esta convocatoria de axudas por parte das persoas beneficiarias fose inferior aos entregados e derivados da concesión para cada persoa beneficiaria, unha vez finalizada a vixencia deste programa de axudas, a xefatura de servizo xestor competente realizará un informe de peche desta convocatoria de subvencións para facilitar os datos necesarios para a subministración de información á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) no que se recollerán os importes efectivamente utilizados e gastados, e outras incidencias que se consideren relevantes para os efectos da xustificación das axudas concedidas.



22.4. Información estatística adicional:

No caso de que o Concello da Coruña o solicite, as persoas beneficiarias destas subvencións deberán achegar a información e datos estatísticos que se lles requira ou solicite sobre os resultados das actividades ou proxectos subvencionados. Estes datos poderán versar sobre os indicadores de avaliación deste programa municipal que estableza o Concello da Coruña para este efecto.

X. REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

Base 23. Reintegro das subvencións concedidas

23.1. De acordo co artigo 30.8 da LXS, o incumprimento da obrigaçión de xustificación da subvención ou a xustificación insuficiente da mesma comportará o reintegro da mesma.

23.2. O Concello da Coruña obrigará ás persoas beneficiarias, ao reintegro total ou parcial do importe dos bonos-taxi utilizados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos intereses de demora correspondentes, a computar desde o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias, ademais, nos seguintes supostos:

- a) A falsidade dos documentos presentados ou as irregularidades de uso dos bonos entregados.
- b) Incumprimento total ou parcial dos obxectivos ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Incumprimento total ou parcial da obriga de xustificación, ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS.
- e) Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da LSGal, e no artigo 42 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos.

23.2. De acordo co artigo 37.3 da LXS, tamén procederase ao reintegro do exceso nos supostos en que, por concesión de subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, a contía das subvencións ou axudas supere o coste total da actividade ou proxecto de que se trate. O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. Con todo, cando sexa o propio Concello quen advirta o exceso de financiación, exixira o reintegro polo importe total do exceso, até o límite da subvención outorgada por el.

23.3. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da LXS e 91 e seguintes do RLXS.

Base 24. Renuncia ou desistencia

24.1. De acordo co artigo 63.2 do RLXS e o artigo 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en calquera momento poderá a persoa beneficiaria desistir ou renunciar á súa concesión, sen prexuízo das responsabilidades ás que, nalgún suposto, houbera lugar, e sen prexuízo de que, producido xa o abono desta, deba procederse a súa devolución conforme ao procedemento de reintegro de subvencións.



24.2. A persoa beneficiaria que renunciara a esta axuda, unha vez entregados os tickets de "bono-taxi", deberá de devolvelos de forma inmediata ao órgano xestor, nun prazo de dez (10) días hábiles a contar desde a notificación da resolución de aceptación da súa renuncia.

Base 25. Infraccións e sancións

25.1. De acordo co artigo 50.1 da LXS, constituirán infraccións en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e na súa normativa complementaria e/ou de desenvolvemento.

25.2. De acordo co artigo 50 da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, o réxime xurídico das infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións é o establecido no Título IV da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no Título IV da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e sendo o órgano competente para a súa resolución o mesmo órgano que ten atribuída a competencia para a resolución de concesión e abono das subvencións, segundo o previsto na Base 9.2 das presentes bases reguladoras.

XI. COMPETENCIA E RECURSOS

Base 26. Competencia e recursos

26.1. O acordo de aprobación das presentes bases reguladoras desta convocatoria de subvencións, que adoptase por unha atribución delegada por parte da Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, mediante o apartado I.i) do acordo da Xunta de Goberno Local do 04/07/2024, de "delegación de atribucións da xunta de goberno local nos e nas concelleiros e concelleiras responsables das áreas de goberno", establecidas polo Decreto de Alcaldía nº 3531/2024, de fecha 19/06/2024, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de A Coruña, nº 129 de fecha 05/07/2024.

26.2. Contra dito acordo, que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer de maneira potestativa recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o adoptou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao de publicarse oficialmente o acordo de aprobación das bases no Boletín Oficial da provincia (BOP) da Coruña.

26.3. Coa aprobación destas bases e a súa convocatoria autorízase e facúltase á Área de Benestar Social, como competente en materia de axudas sociais, para:

- Interpretar e desenvolver o establecido na presente convocatoria, así como para a corrección dos erros materiais, de feito ou aritméticos existentes na mesma, de acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Ampliar o crédito destinado a dita convocatoria conforme ao previsto na Base 4 das que rexe a convocatoria, sempre que exista crédito adecuado e suficiente.
- Realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para a execución e bo fin do acordado polas presentes bases de convocatoria.



XII. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Base 27. Aceptación das bases reguladoras desta convocatoria

A participación das persoas interesadas nesta convocatoria de subvencións, mediante a presentación da súa correspondente solicitude de axudas, supón a aceptación das súas bases reguladoras, tanto xerais como específicas.

Base 28. Información básica sobre protección de datos

28.1. De acordo co artigo 14.1.ñ) da LXS, e de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados polas persoas solicitantes quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade do Concello da Coruña, co obxecto de xestionar o presente procedemento.

Co fin de facilitarlles ás persoas solicitantes o exercicio dos seus dereitos en relación cos datos persoais rexistrados para esta finalidade, facilítase a seguinte información:

- **Responsable do Tratamento:** Concello de A Coruña, con dirección na Praza de María Pita número 1, código postal 15001 A Coruña.
- **Delegado de Protección de Datos:** Para calquera dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de Datos do Concello da Coruña, co que poderá contactar na dirección de correo electrónico delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal.
- **Lexitimación:** A lexitimación para o tratamento dos datos persoais basease no consentimento outorgado e no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento. O consentimento é revogábel, en todo momento, sen efectos retroactivos.
- **Destinatarias/os:** Os datos poderán ser comunicados ás Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución do seu procedemento, ou por obriga legal.
- **Prazo de conservación:** O Concello de A Coruña conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento de datos.
- **Dereitos:** Teñen dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse ou retirar o seu consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, o Concello da Coruña dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do DNI para acreditar a súa identidade.

Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos nos termos que se establecen nos artigos 13, 14, 15 e 18 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

28.2. De acordo co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña poderá adoptar as medidas que consideren necesarias para a protección dos datos persoais



Concello da Coruña

que consten nas resolucións e actos administrativos, derivados da presente convocatoria de subvencións, cando estes teñan por persoas destinatarias a máis dunha persoa interesada.

Base 29. Publicidade das subvencións no Portal de Transparencia

29.1. De acordo co artigo 15.1 da LXS, as subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxecto ou finalidade e a persoa beneficiaria, serán obxecto de publicación no Portal de Transparencia do Concello de A Coruña, de acordo cos arts. 8.1.c) e 10 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información Pública e Bo Goberno.

29.2. Remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións a información requirida por esta, así como o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto para o Diario Oficial da Provincia da Coruña, en cumprimento dos artigos 18.2 e 20.4 da LXS.

Base 30. Indicador Público de renda de efectos múltiples (IPREM)

Debido a que os Orzamentos Xerais do Estado aprobados para o ano 2023 quedaron automaticamente prorrogados o 1 de xaneiro de 2024, o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) vixente, entenderase como o correspondente ao ano 2023, establecido no apartado d) da Disposición Adicional Nonaxésima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (que ascende a 8.400 euros en cómputo anual) para todo o período de vixencia desta convocatoria.

Disposición Adicional Segunda: Prevalencia das bases reguladoras redactadas na versión en lingua galega.-

Dado que as presentes bases son obxecto de publicación en ambas as linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, en caso de discrepancia entre ambas versións a preponderante será a versión en lingua galega.

A Coruña, na data de sinatura electrónica que consta no presente documento.

*A Xefa de Departamento de
Servizos Xerais de Benestar
Lorena Aranzazu Abad Carrera*

*A directora da Área de Benestar
Social,
Regla Dávila Caballero.*

*Conforme,
A Concelleira delegada responsable da Área de
Benestar Social, Participación e Igualdade
Nereida María Canosa Domínguez*



Concello da Coruña



Concello da Coruña

Solicitud Bono Taxi
Solicitud Bono Taxi

Datos da persoa solicitante / Datos de la persona solicitante

Nome ou razón social Nombre o razón social				
Primeiro apelido Primer apellido			Segundo apelido Segundo apellido	
☐ NIF NIF	☐ NIE NIE	☐ Pas. Pas.	☐ Outros Otros	Número Número

Representado por (se for o caso) / Representado por (en su caso)

Nome ou razón social Nombre o razón social			Primeiro apelido Primer apellido			
Segundo apelido Segundo apellido		☐ NIF NIF	☐ NIE NIE	☐ Pas. Pas.	☐ Outros Otros	Número Número

Datos de contacto para notificacións / Datos de contacto para notificaciones

Tipo de vía Tipo de vía		Nome de vía Nombre de vía			Número Número
Km Km	Bloque Bloque	Escaleira Escalera	Piso Piso	Porta Puerta	
Código postal Código postal		Municipio Municipio			Provincia Provincia
☐ AUTORIZO o concello a realizar notificacións á miña caixa de correos electrónica, mediante comparecencia na Sede electrónica logo de se identificar fidedignamente. En todo caso, serán notificadas por esta vía as persoas obrigadas segundo o art. 14.2 da Lei 39/2015. AUTORIZO al Ayuntamiento a realizar notificaciones a mi dirección de correo electrónico, mediante comparecencia en la Sede electrónica previa identificación fehaciente. En todo caso se notificará por esta vía a las personas obligadas según el art. 14.2 de la Ley 39/2015.					

Datos de comunicación / Datos de comunicación

☐ Correo electrónico Correo electrónico	☐ Tel. móbil Tel. móvil	☐ Tel. Tel.
---	---	---------------------------------------

Solicita que se tramite bono taxi segundo documentación adxunta.

Solicita que se tramite bono taxi según documentación adjunta.

Declaro:

Non estar incurso en algunha das causas de prohibición para percibir subvencións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 42 da Ordenanza municipal para a igualdade na diversidade.

Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo, nin tampouco ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE u outra entidade.

Que estou ó corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias fronte a TXSS, AEAT e o Concello da Coruña, de conformidade co artigo 24 do Real Decreto 887/2006

Autorizo expresamente ao Concello da Coruña, conforme ao disposto no artigo 6 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, pola que se adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, para que poida acceder aos datos persoais que se relacionan, aos efectos de verificar o cumprimento dos requisitos para acceder ás axudas para o transporte en taxi de persoas con mobilidade reducida.

Autorizo expresamente al Ayuntamiento de A Coruña, conforme a lo dispuesto en el artículo 6 de la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, por la que se adapta el ordenamiento jurídico español al Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y el Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de sus datos personales y a la libre circulación de estos datos, para que pueda acceder a los datos personales que se relacionan, a los efectos de verificar el cumplimiento de los requisitos para acceder a las ayudas para el transporte en taxi de personas con movilidad reducida.

Declaro:

No estar incurso en alguna de las causas de prohibición para percibir subvenciones establecidas en el artículo 13.2 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones y el artículo 42 de la Ordenanza municipal para la igualdad en la diversidad.

No tener reconocido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral o cualquier otro título acreditativo, ni tampoco tener derecho a este servicio a través de ISFAS, MUFACE u otra entidad.

Que estoy al corriente en el cumplimiento de mis obligaciones tributarias frente a la TGSS, AEAT y Ayuntamiento de A Coruña, de conformidad con el artículo 24 del Real Decreto 887/2006

☐ SI	☐ NON	Consulta de datos de identidade de persoas físicas (DNI) Consulta de datos de identidad de personas físicas (DNI)
☐ SI	☐ NON	Certificado de discapacidade (Xunta de Galicia) Certificado de discapacidad (Xunta de Galicia)
☐ SI	☐ NON	Titularidade de prestacións do INSS e/ou SEPE-INEM (INSS) Titularidad de prestaciones del INSS y/o SEPE-INEM (INSS)
☐ SI	☐ NON	Declaración do IRPF (AEAT) Declaración del IRPF (AEAT)
☐ SI	☐ NON	Certificado de débedas pendentes de pago (TXSS, AEAT e Concello da Coruña) Certificado de deudas pendientes de pago (TXSS, AEAT y Ayuntamiento de A Coruña)
☐ SI	☐ NON	Certificado da Dirección Xeral de Tráfico de non titularidade de vehículos de tracción mecánica (solicitantes maiores de idade) Certificado de la Dirección General de Tráfico de no titularidad de vehículos de tracción mecánica (solicitantes mayores de edad)

Mod. 124
11/2023

Autorizo expresamente ao Concello da Coruña, conforme ao disposto no artigo 6 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, pola que se adapta o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, para que poida acceder aos datos persoais que se relacionan, aos efectos de verificar o cumprimento dos requisitos para acceder ás axudas para o transporte en taxi de persoas con mobilidade reducida.

autorizo expresamente al Ayuntamiento de A Coruña, conforme a lo dispuesto en el artículo 6 de la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, por la que se adapta el ordenamiento jurídico español al Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y el Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de sus datos personales y a la libre circulación de estos datos, para que pueda acceder a los datos personales que se relacionan, a los efectos de verificar el cumplimiento de los requisitos para acceder a las ayudas para el transporte en taxi de personas con movilidad reducida.

DNI <i>DNI</i>	Nome e apelidos <i>Nombre y apellidos</i>	
Relación de parentesco <i>Relación de parentesco</i>		Sinatura <i>Firma</i>
☐ SI ☐ NON	Consulta de datos de identidad de personas físicas (DNI) <i>Consulta de datos de identidad de personas físicas (DNI)</i>	
☐ SI ☐ NON	Titularidade de prestacións do INSS e/ou SEPE-INEM (INSS) <i>Titularidad de prestaciones del INSS y/o SEPE-INEM (INSS)</i>	
☐ SI ☐ NON	Declaración do IRPF (AEAT) <i>Declaración del IRPF (AEAT)</i>	

DNI <i>DNI</i>	Nome e apelidos <i>Nombre y apellidos</i>	
Relación de parentesco <i>Relación de parentesco</i>		Sinatura <i>Firma</i>
☐ SI ☐ NON	Consulta de datos de identidade de persoas físicas (DNI) <i>Consulta de datos de identidad de personas físicas (DNI)</i>	
☐ SI ☐ NON	Titularidade de prestacións do INSS e/ou SEPE-INEM (INSS) <i>Titularidad de prestaciones del INSS y/o SEPE-INEM (INSS)</i>	
☐ SI ☐ NON	Declaración do IRPF (AEAT) <i>Declaración del IRPF (AEAT)</i>	

Os datos facilitados por Vde. serán tratados polo CONCELLO DA CORUÑA en calidade de Responsable de Tratamento, coa finalidade de xestionar a solicitude/é manifestada no presente documento, dentro do procedemento administrativo correspondente (especificamente, utilizaranse para xestionar a entrada de documentos ou comunicacións que se presenten ou reciban no Concello, de forma presencial ou electrónica, así como a saída de documentos oficiais e comunicacións dirixidas a outros organismos ou particulares, como a apertura dos expedientes administrativos que puidesen xurdir). Vde. poderá exercer os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición. Para estes efectos, deberá presentar un escrito acompañado de NIF no Registro de Entrada do Concello: Praza de María Pita, 1. 15001. A Coruña ou, no seu caso, ao noso Delegado de Protección de Datos (delegad@protecciondatos@coruna.gal). Así mesmo, en caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Ten dispoñible máis información do tratamento dos seus datos en: (<https://coruna.gal/rat>).

Los datos por Ud. facilitados serán tratados por el AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA en calidad de Responsable de Tratamiento, con la finalidad de gestionar la solicitud/es manifestada en el presente documento, dentro del procedimiento administrativo correspondiente (específicamente, se utilizarán para gestionar la entrada de documentos o comunicaciones que se presenten o reciban en el Ayuntamiento, de forma presencial o electrónica, así como la salida de documentos oficiales y comunicaciones dirigidas a otros organismos o particulares, como la apertura de los expedientes administrativos que pudieran surgir). Ud. podrá ejercitar los derechos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación o, en su caso, Oposición. A estos efectos, deberá presentar un escrito acompañado de NIF en el Registro de Entrada del Ayuntamiento: Plaza de Mía Pita, 1. 15001, A Coruña o, en su caso, a nuestro Delegado de Protección de Datos delegado@protecciondedatos@coruna.gal. Asimismo, en caso de considerar vulnerado su derecho a la protección de datos personales, podrá interponer una reclamación ante la Agencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Tiene disponible más información del tratamiento de sus datos en: (<https://coruna.gal/rat>).

A Coruña, de de

Sinatura da persoa solicitante
Firma de la persona solicitante